

Santiago de Compostela, a 6 de marzo de 2021

## Amnistía Internacional entrega 140.000 firmas no Congreso para pedir unha lei eficaz contra a violencia sexual

---

Amnistía Internacional valora positivamente o Anteproxecto de *Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade Sexual*, da que se espera que proximamente inicie a súa fase parlamentaria, e que pretende abordar de maneira integral as violencias sexuais cometidas contra as mulleres, as nenas e os nenos, en calquera ámbito de relacións ou por parte de descoñecidos. A organización valora positivamente que o consentimento sexa a clave para definir a violencia sexual e estea no centro do anteproxecto, tal e como se recolle *no Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres*, coñecido como *Convenio de Istambul*.

“A finais de 2018, co informe *Xa é hora de que me creas*, Amnistía Internacional poñía a violencia sexual na axenda política, denunciando a falta de recursos para as vítimas de violencia sexual e a desigual atención que estas recibían nas distintas comunidades autónomas. É unha boa noticia contar dous anos despois cun Anteproxecto de lei que inclúe algunhas das principais peticións da organización relativas á prevención, detección, investigación, sanción e reparación das vítimas de violencias sexuais de forma integral”, manifestou Virginia Álvarez, responsable de política interior de Amnistía Internacional España.

### Puntos positivos do Anteproxecto

Amnistía Internacional, que participou nas consultas sobre o Anteproxecto, valora como positivos varios aspectos reclamados pola nosa organización, como:

- **O consentimento**ponse no centro da lei, ao considerar violencia sexual todo acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado. Ademais a reforma do Código Penal, formulada polo anteproxecto, elimina o termo de abuso sexual, xa non comprendido pola sociedade, que levou a miles de mulleres e organizacións feministas a protestar na rúa tras algunhas sentenzas xudiciais. Esperamos que se poida mellorar a proposta de reforma do Código Penal para evitar interpretacións que puidesen menoscabar os dereitos das mulleres.
- O recoñecemento do dereito á **asistencia integral especializada e accesible** para as vítimas de violencia sexual a través da creación de **Centros de Crises** que atendan as mulleres vítimas de violencia sexual as 24 horas do día, todos os días da semana, tal e como recomenda o Consello de Europa. Para iso, tamén se propón como prioritario a **formación con enfoque de xénero** dos axentes (policía, persoal sanitario, forenses e persoal da administración de xustiza) que poderían estar en contacto coa vítima de violencia sexual,

COMUNICADO

para facer fronte a estereotipos e prexuízos que puidesen prexudicar á muller se decide iniciar unha demanda xudicial.

- O impulso de reformas como a da *Lei de Axuizamento Criminal* ou o *Estatuto da Vítima* para evitar a revitimización das vítimas de violencia sexual no proceso penal. O Anteproxecto expón que non se lle fagan preguntas sobre a súa vida privada ou os seus antecedentes sexuais, ou que, en caso de facerse, non sexan admitidas a trámite, tal e como recomenda o *Convenio de Istambul*. Amnistía Internacional documentou en numerosas ocasións como as mulleres lembran ter vivido unha experiencia traumática durante todo o proceso xudicial.
- O recoñecemento do **dereito á reparación para as vítimas** de violencia sexual, así como a creación dun programa administrativo de reparación. Amnistía Internacional espera que se aseguren adecuados mecanismos para a súa implementación e desenvolvemento.

### Tempo para mellorar

O Anteproxecto de Lei, que xa foi informado polos órganos consultivos, segue tendo posibilidades de mellorar e solucionar algúns desaxustes importantes.

- Aínda que a **reforma do Código Penal** que propón o Anteproxecto é máis acorde aos estándares internacionais, segue contando con aspectos pouco definidos como a contemplación de que o Tribunal poida aplicar unha rebaixa punitiva en base a un concepto tan impreciso como o de “a entidade menor do feito”.

"Ao longo destes anos, vimos nas mulleres vítimas de violencia sexual o impacto da interpretación xudicial, en moitos casos cargada de estereotipos, e como estas interpretacións as foron revitimizando. Preocúpanos que a utilización dun concepto xurídico tan indeterminado como o de "menor entidade do feito" contribúa aínda máis a que os tribunais realicen interpretacións estereotipadas", salientou Virginia Álvarez.

- O feito de que **non se esixa unha denuncia ou unha condena** para que haxa recoñecemento de violencia sexual é unha boa noticia porque facilita o acceso a servizos e dereitos das vítimas. Pero esta medida debe ser unha oportunidade para harmonizar toda a lexislación e garantir que todas as vítimas de violencia accedan ao máximo estándar de protección.

“Cómpre asegurar que non se están creando "clases de vítimas" con diferentes recoñecementos de dereitos e diferentes mecanismos de acceso a servizos e axudas. Amnistía Internacional considera que esta lei supón un cambio de paradigma importante que debe chegar a todas as vítimas de violencia de xénero”, manifestou Virginia Álvarez.

- Debe aclararse tamén como se implementará a Lei, unha vez aprobada, tendo en conta a competencia das comunidades autónomas en moitos ámbitos que afectan á mesma. Existen 17 leis autonómicas sobre violencia de xénero, incluídas vítimas de violencia sexual, os seus respectivos catálogos de dereitos e as súas diversas axudas. As comunidades autónomas teñen competencia exclusiva en aspectos como

a asistencia integral ás vítimas ou a asistencia letrada gratuíta. Unha preocupación que sinala tamén o último informe sobre España do *Grupo de Expertas contra a Violencia contra as Mulleres e a Violencia Doméstica* (GREVIO).

“A día de hoxe, a atención ás vítimas de violencia sexual segue sendo desigual nas diferentes comunicadas autónomas. En relación coa posta en marcha de recursos para a súa atención coordinada e permanente, só Asturias e o Concello de Madrid contan con centros de crises; e nove comunidades autónomas (Andalucía, Aragón, Baleares, Cantabria, Castela A Mancha, Castela León, Comunidade Valenciana, País Vasco e Murcia) ofrecen asistencia coordinada e permanente para vítimas de violencia de xénero e violencia sexual. O Anteproxecto debería incidir na necesidade de recursos, acompañados de orzamentos específicos e suficientes, que terían que poñerse en marcha para garantir unha asistencia igualitaria a todas as mulleres vítimas de violencia sexual”, sinalou Verónica Barroso, responsable de relacións institucionais de Amnistía Internacional España.

**Outras ausencias salientables** do Anteproxecto de lei. Non se tipifica como tortura a violencia sexual cometida por ou con aquiescencia de **axentes estatais**, tal e como recomenda o Comité contra a Tortura. Non se contemplan medidas específicas para a protección de **vítimas menores** das persoas da súa contorna, ou a virtualidade da dispensa de declarar, e tampouco se coordina coa *Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á violencia*, actualmente en tramitación. E aínda que se menciona ás **vítimas de trata** con fins de explotación sexual, seguen sen contemplarse aspectos relevantes sobre a súa protección como, por exemplo, a súa detección e identificación.

E por último, unha vez presentada a **memoria económica** que debe acompañar a nomeada lei, esta debe contar cos recursos suficientes para poñer en marcha medidas e mecanismos adecuados para garantir unha atención integral ás vítimas.

### Máis de 140.000 firmas entregadas aos grupos parlamentarios

O día 4 de marzo Amnistía Internacional entregou no Congreso dos Deputados máis de 140.000 sinaturas, que apoiaron o manifesto [#NoConsiento. Basta de obstáculos ás vítimas da violencia sexual](#) que contou ademais coa adhesión de 338 organizacións. Con estas firmas, lembramos a deputados e deputadas que nas súas mans está aprobar unha lei eficaz que garanta a prevención, a protección, o acompañamento e a reparación de todas as vítimas de violencia sexual.

### Información de contexto

[A Macroencuesta sobre Violencia contra a Muller de 2019](#) por primeira vez facilitou datos sobre violencia sexual. Unha realidade que podería afectar a máis de 2,8 millóns de mulleres maiores de 16 anos no Estado español (o 13'7%) e que segue a denunciarse moi pouco, só o 8 por cento destas mulleres denuncian.

O 25 de novembro de 2020, GREVIO tamén fixo públicas as recomendacións ao Estado español en relación á implementación das súas obrigas contra a violencia de xénero en aplicación do *Convenio de Istambul*.